



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE FEBREIRO DO 2016

### Señoras e señores asistentes

#### **Alcalde-Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

#### **Concelleiras e concelleiros:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

#### **Secretaría:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

#### **Interventor accidental:**

Don José Marcelino Rivera Rarís.

En Padrón, sendo as dez horas do día dezaioito de febreiro do dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total os trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

### **1.- MOCIÓN PRESENTADA POR PGD, PSG-PSOE, VECIÑOS DE PADRÓN, AXP, BNG E CIPA SOBRE A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL.**

Pola señora Rey Pazos dase lectura á seguinte moción presentada conxuntamente polos grupos PGD, PSdeG-

PSOE, Veciños de Padrón, AxP, BNG e CIPa que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa C) de data 25 de xaneiro de 2016, que di:

#### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno é o órgano supremo da Administración Local ademais de ser o órgano de máxima representación política dos cidadáns. Entre os seus principais labores controla e fiscaliza os órganos de goberno municipais, aproba as ordenanzas, regulamentos e demais disposicións de carácter xeral, así como o orzamento do Concello. É competente para elixir e destituír ao Alcalde.

Con todo, cando un partido político consegue a maioría suficiente para proceder á delegación, conforme a dereito, das competencias propias do Pleno recollidas no artigo 64 da Lei da Administración Local de Galicia na Xunta de Goberno Local, non dubida en facelo xa que así evita o control e fiscalización por parte do resto da corporación municipal nas cuestións delegadas.

Así na época na que gobernaba o PP con maioría absoluta aprobouse o Regulamento Orgánico Municipal que establece no seu artigo 14 dita delegación: "O Pleno e o alcalde poden efectuar delegacións a prol da comisión de goberno. En todo caso entenderanse delegadas polo Pleno a prol de dita comisión de goberno, as atribucións sinaladas no artigo 64.2, letras g), l) e n) da Lei de Administración Local de Galicia, ó amparo do establecido no artigo 64.4. Para a delegación destas atribucións do Pleno en favor da comisión de goberno requirirase acordo adoptado pola maioría do número legal de membros da corporación para a aprobación deste regulamento. Igualmente, o alcalde delega na comisión de goberno as atribucións que sinala o artigo 61 da citada Lei de Administración Local de Galicia, agás as de convocar e presidir as sesións do Pleno e da Comisión de goberno, e as mencionada nas letras b), f), h), j) e k) do apartado 1 deste artigo, que son indelegables. Tamén pode o alcalde efectuar delegacións xenéricas ou específicas a prol de calquera dos concelleiros, aínda que non pertencen á comisión de goberno."

Hoxe en día atopámonos ante o goberno dun partido en minoría e dun pleno moi plural que representa os cambios que se están a producir na sociedade, por iso non debe ser un único partido quen poida tomar decisións en determinadas cuestións de importancia e que no seu orixe pertencen ao Pleno.

Entendemos que a recuperación das competencias plenarias delegadas pasan por unha modificación do Regulamento Orgánico Municipal obsoleto en múltiples aspectos e que require, sen lugar a dúbida, unha actualización para axustarse á lexislación vixente e facilitar a súa consulta.

#### PROPOSTA

- Que se adopten as medidas necesarias para a actualización urgente do Regulamento Orgánico Municipal de conformidade coa lexislación vixente.
- Que as competencias delegadas en virtude do artigo 14 ROM de 1998 á Xunta de Goberno Local (Comisión de Goberno) volvan a pertencer ao Pleno da Corporación.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sra. Rey Pazos. Explica que presentan esta moción porque entenden que o pleno é o órgano de máxima representación, cunhas competencias dadas por lei, se ben é certo que algunhas poden ser delegadas na Xunta de Goberno Local como é neste caso. Que isto se fai cando se ten unha maioría absoluta porque é unha forma de valeiral o pleno de competencias, polo que entenden que, ante un goberno que está en minoría cunha corporación tan plural, esas competencias deben de voltar ao pleno e por iso nesta moción solicitan unha actualización do ROM.

Sr. Rodríguez Carbia. Cree que este pleno sobra se houberse vontade para rematar os puntos que estaban na orde do día da sesión ordinaria. Que por iso houbo que recurrir a esta convocatoria asinada por case todos os grupos. Insiste que se evitaría si naquel momento houberse certa disposición para rematar, como xa antes se ten feito, despois das doce da noite.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcalde. Dille que trate o asunto da orde do día.

Sr. Rodríguez Carbia. Ratifícase no dito pola señora Rey Pazos e di que nesas competencias que están delegadas na Xunta de Goberno Local se encontran as de contratar obras, servizos e abastecementos, no caso de que a súa contía exceda da que lle está permitida ao Alcalde na Xunta de Goberno Local, concertar operacións de crédito cando excedan do 5% dos recursos ordinarios do orzamento, exercer accións administrativas e xudiciais, actos de disposición sobre os bens, adquisición, transacción, alleamento e cesión gratuita, a concesión e o arrendamento en cesión de uso, regulación e aproveitamento dos bens comunais e a cesión de calquera título. Que hai unha tarefa prioritaria que ten o goberno municipal que é regularizar o Inventario de Bens municipais e é precisamente unha das competencias que ten asumida a Alcaldía que é unha competencia de pleno. Que hai unha función primordial do pleno que é a de control e fiscalización dos órganos de goberno e a devolución das competencias ao pleno implica iso que os concelleiros teñan un elemento máis dese control e fiscalización dos órganos de goberno. Que ten a súa importancia porque os representantes das diferentes forzas políticas o que queren é exercer a súa función.

Sr. Santaló Ríos. Repite que son competencias do pleno e teñen que volver. Recorda que é unha moción semellante a unha que xa presentou no seu momento o seu grupo e que non prosperou. Que están de acordo porque o sentido é o mesmo e se trata dun maior control e fiscalización sobre todo en canto á contratación, porque non está de acordo cos procedementos que se siguen.

Sr. Rodríguez Conde. Reitera todo o dito ata o de agora e pregunta como xa dixo na comisión informativa se a secretaria vai a facer algún tipo de informe.

Sr. Alcalde. Explica que unha vez que se aprobe esta moción, procederase primeiro a adecuar o regulamento ao establecido por lei, a facer unha proposta, a darlles traslado desa proposta e despois, aprobando un novo regulamento, terá que ser publicado, facer unha aprobación provisional e senón hai alegacións a unha aprobación definitiva. Que hai un prazo de alegacións formal, pero antes cando se teña o borrador feito lles dará traslado a todos os concelleiros.

Sr. Forján Seoane. Di que está todo manifestado e está claro que o grupo de goberno dispón de cinco representantes dun total de trece e eses cinco representantes deberán someterse a vontade dos trece.

Sr. Alcalde. Di que lle parece lóxico e que lle parece unha moción moi ben pensada e que o goberno anterior tamén tivo unha oportunidade magnífica porque tamén gobernaba en minoría. Que en canto ao do inventario que dixo o señor Rodríguez Carbia, coméntalles que esta semana se comunicou por parte da Deputación Provincial que ían actualizar o inventario municipal de forma totalmente gratuita.

Sra. Rey Pazos. Pregunta se lle pode dar un prazo aproximado de cando podería estar feito ese borrador do ROM.

Sr. Alcalde. Pregunta á señora secretaria.

Sra. Secretaria. Contesta que depende das tarefas que se lle den.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Oito (8), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

**VOTOS EN CONTRA:** Ningún.

**ABSTENCIÓNS:** Cinco (5), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

- Que se adopten as medidas necesarias para a actualización urxente do Regulamento Orgánico Municipal de conformidade coa lexislación vixente.
- Que as competencias delegadas en virtude do artigo 14 ROM de 1998 á Xunta de Goberno Local (Comisión de Goberno) volvan a pertencer ao Pleno da Corporación.

## **2.- MOCIÓN PRESENTADA POR PGD SOBRE AS PARADAS DO AUTOBÚS ESCOLAR.**

Polo señor Rodríguez Conde dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa C) de data 25 de xaneiro de 2016, que di:

### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte de escolares presenta, dentro do conxunto do transporte de viaxeiros, unha especial relevancia dada a singularidade dos seus usuarios e usuarias. A atención que este modo de transporte presta aos nosos menores require que se intensifiquen as garantías da súa prestación, fundamentalmente en materia da súa seguridade. A inslación de marquesinas pode ser considerada como un método de seguridade entre outras ventaxes.

A instalación de ditas marquerinas en todas aquelas paradas de autobús en zonas rurais que sexan de regular recollida de viaxeiros, tando de aqueles que correspondan a liñas regulares como aqueles que pertencen ao transporte escolar. Así dende este grupo entendemos e despois de visitar varias paradas de recollida de bús escolar a petición dos pais e nais de nenos e nenas que utilizan dito servizo, entendemos que é imprescindible e urxente a instalación de marquesinas nestes puntos co fin de que estos poidan servir de protección e refuxo non so fronte ao sol en épocas estivais senón e como punto principal para guarecer aos usuarios servindo como refuxo e protección ante a chuvia e vento, e tamén consideramos que sirva como protección en seguridade vial ante a proximidade de vías de paso de vehiculos.

Queremos lembrar a esta administración que estas marquesinas deben formar parte do mobiliario público, que en todo caso caracterízase por ser espazos públicos e multifuncionais, de uso social e colectivo, sendo ademáis que nalgunha parada de bus escolar coincide con parada de bus de pasaxeiros convencional.

Noutros puntos non coinciden e esta moción vai dirixida a estes puntos sin desconsiderar onde coincidan bus escolar co de pasaxeiros de cara ao mantemento e conservación de ditas marquesinas.

### ACORDO A ADOPTAR

- Que se estudie por parte do Goberno Municipal do PP, tódalas paradas de autobús escolar do noso Concello comprobando para priorizar a instalación de ditas marquesinas, o número de usuarios actuais e futuribles, facilidade na localización dos terreos para a colocación, etc; o que consideren dende os servizos competentes na materia municipais.
- Que se dote dunha partida orzamentaria nos próximos orzamentos para ir pouco a pouco dotando todas as paradas de bus escolar de marquerinas. Ou se proceda a falar ca Consellería competente na materia para que facilite ditas marquesinas como se fai noutros Concellos.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Conde. Explica que decidiron presentar esta moción a consecuencia de que os pais e nais da parada de Lamas lle comunican que, sobre todo nestes días de temporal, non teñen ningún sitio para resguardar os nenos mentres esperan o autobús escolar. Que igualmente foi comunicado por pais e nais do casco urbano. Pídese que se valoren todas as paradas en conxunto e se prioricen e se doten as partidas orzamentarias necesarias para adecualas pouco a pouco ou se fale con outras administracións para que as financien.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcalde. Entende que fala das marquesinas porque a ubicación das paradas depende da Consellería de Educación. Que dende o goberno estase estudando o tema das marquesinas, de feito as prioritarias non só é Lamas, senón que na zona da Esclavitude fronte onde está Castaño Bascoy, que tamén na Porta do Fondo de Vila. Que sempre dentro das competencias do Concello.

Sr. Rodríguez Conde. Di que, por exemplo, en Lamas hai parada pero non hai habitáculo, que os rapaces esperan debaixo dunha casa.

Sr. Pardo Andrade. Comenta que na Esclavitude non se pode facer porque non o permite a Demarcación de Carreteras.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que o tema das marquesiñas non depende da Consellería de Educación.

Sr. Alcalde. Contesta que o das marquesinas non, pero o das paradas si. Que xa o dixo antes.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que en principio é unha competencia da AMPA, do centro e do Concello. Que a Consellería non vai financiar nunca a colocación de marquesiñas, que é unha cousa do Concello ou da Deputación. Que é certo que existe un déficit nestes momentos de marquesiñas, non só en Lamas senón en moitos puntos e a de Iria Flavia xa se pediu en varias ocasións incluso un paso de peóns, porque hai un problema de circulación ao ter que ir os rapaces pola beiravía da estrada cun tráfico intenso. Que vai a apoiar a moción porque xa en varias ocasións solicitou a toma de medidas e hai que buscarlle unha solución, non pasar o día do pleno e esquecernos do problema.

Sr. Forján Seoane. Di que se falou da proxección de alumnado que vai haber nas paradas para priorizar aquelas marquesiñas que hai que colocar e o señor alcalde dixo que dependía da Xunta, pero non depende da Xunta.

Sr. Alcalde. Dille que están cambiando as súas palabras. Que el non dixo iso, senón que a ubicación da parada depende da Xunta. Que non os entende.

Sr. Forján Seoane. Aclara que a parada de Iria non existe. Que había unha que estaba en plena curva e retirouse precisamente porque os alumnos estaban a dous metros da estrada nunha curva. Que hai un regueiro, o de Abelendas, que se podería acondicionar cun paseo fluvial para evitar a estrada ou facilitar a saída para colocar a marquesiña. Que na avenida de Pontecesures tampouco hai marquesiña e é unha das demandadas onde tamén se solicitou un paso de peóns. Que hai que facer un estudo xeral e dependendo das necesidades, tamén as futuras, facer as actuacións.

Sr. Pardo Andrade. Explica o que pasou co da Exclavitude e di que o propietario da vivenda onde se abrigan os nenos dixo que non os quería alí e pediuse autorización a Fomento para facela fronte Castaño Bascoy, por onde pasa o Camiño Portugués, para poñer a marquesiña e facer unha senda polo paso de peregrinos e que foran ao paso de peóns. Que a denegaron porque está en previsión facer unha rotonda alí. Que en canto ao que fala o señor Forján Seoane de Iria dille que están facendo o proxecto, tal e como quedarán, e xa teñen as autorizacións todas, dado que nun momento fora denegado por Augas de Galicia. Que se tiña solicitado tamén onde está a carpintería Bentrón, porque alí os rapaces teñen o mesmo problema, pero se encontraron co problema dos terreos porque non se sabía moi ben de quen era: si de Bentrón que non os tiña cedido, si de Fomento.

Sr. Forján Seoane. Di que falando de onde está Bentrón, mitigouse en parte coa colocacións dos semáforos e esa situación tamén se dá noutros lugares.

Sr. Rodríguez Carbia. Espera que a declaración do señor Pardo Andrade serva non só como unha declaración de intencións senón como un compromiso de solventar canto antes esta situación. Insiste que nalgúns puntos é unha cuestión de seguridade viaria para rapaces.

Sr. Pardo Andrade. Di que fala dunha intención, dado que el pode facer o proxecto pero despois hai que ter cartos para executalo. Que haberá que esperar a un POS ou un PAS e despois aprobalo, de nada vale que

faga un proxecto se despois chega ao pleno e dánlle para atrás.

Sr. Rodríguez Carbia. Aclara que el di que procuren axilizar os permisos.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que este tenos todos.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que si están os permisos e as autorizacións concedidas entón deberán aprobar un orzamento e espera que o presenten canto antes á Corporación.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes, polo que o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

- Que se estudie por parte do Goberno Municipal do PP, tódalas paradas de autobús escolar do noso Concello comprobando para priorizar a instalación de ditas marquesinas, o número de usuarios actuais e futuribles, facilidade na localización dos terreos para a colocación, etc; o que consideren dende os servizos competentes na materia municipais.
- Que se dote dunha partida orzamentaria nos próximos orzamentos para ir pouco a pouco dotando todas as paradas de bus escolar de marquesinas. Ou se proceda a falar ca Consellería competente na materia para que facilite ditas marquesinas como se fai noutros Concellos.>>

### **3.- MOCIÓN PRESENTADA POR PGD, PSG-PSOE, AXP E CIPA SOBRE A ENTREGA DAS ACTAS DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NO PRAZO LEGALMENTE ESTABLECIDO.**

Polo señor Rodríguez Conde dase lectura á seguinte moción presentada conxuntamente polos grupos PGD, PSdeG-PSOE, AxP e CIPa que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa C) de data 25 de xaneiro de 2016, que di:

#### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 113 b do ROF (RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), di que *"as sesións da comisión de goberno non serán públicas, sen prexuízo da publicidade e comunicación ás Administracións Estatal e Autonómica dos acordos adoptados. Ademais, no prazo de dez días hábiles deberá enviarse a tódolos membros da Corporación copia da acta"*.

Pois ben dende que comezou o actual mandato 2015/19 as copias das actas das xuntas de goberno local estánsenos a entregar con bastante retraso. Impedíndonos coñecer os acordos adoptados en tempo e prazo. Acordos que moitas veces algúns veciños xa coñecen e nos transmiten antes de que nos teñamos coñecemento por non dispor da copia das actas.

Sirva como exemplos que en data 18 de novembro se nos remitiron dúas actas das sesións da xunta de goberno local celebradas o 2 de outubro e o 22 de outubro e o 21 de decembro do ano pasado se nos remitiron por email tres actas das sesións da xunta de goberno local que se celebraron entre o 5 de novembro e o tres de decembro por mor de todo o exposto PROPOÑEMOS o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

- a.- Que se nos entreguen copia das actas das sesións da xunta de goberno local no prazo legalmente establecido.
- b.- Que xunto coa remisión da acta se nos achegue tamén copia da orde do día das citadas sesións para localizar mellor os asuntos tratados e recollidos nas actas das sesións.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Conde. Explica que queren tamén a orde do día das sesións para que poidan localizar mellor



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

e o antes posible o punto que lles interesa.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes, polo que o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

a.- Que se nos entreguen copia das actas das sesións da xunta de goberno local no prazo legalmente establecido.

b.- Que xunto coa remisión da acta se nos achegue tamén copia da orde do día das citadas sesións para localizar mellor os asuntos tratados e recollidos nas actas das sesións.

#### **4.- MOCIÓN PRESENTADA POR PSG-PSOE SOBRE A FALLA DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS E RECINTO DEPORTIVO DE EXTRAMUNDI.**

Polo señor Forján Seoane dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa C) de data 25 de xaneiro de 2016, que di:

<<Exposición de motivos

O 18.12.15 tivo entrada no concello, por rexistro, unha queixa sobre o estado das instalacións deportivas de Extramundi, Campo de Fútbol.

O citado recinto deportivo presenta, entre outras deficiencias:

1.- Un terreo de xogo con herba artificial en lamentable estado, por falla de mantemento.

2.- As liñas azuis, que delimitan o terreo de xogo son practicamente invisibles, polo que a celebración de partidos nese campo podería suspenderse.

3.- Elementos, como porterías, con deficiencias que poderían causar un accidente, e impedir a práctica deportiva por falla de mantemento.

4.- As vallas perimetrais de seguridade das gradas presentan defectos, pola falla dalgún tramo das mesmas, tanto na parte superior como inferior das gradas.

5.- Vestuarios.

Estas son algunhas das queixas que presentaron, por rexistro, no concello e que comprobamos persoalmente nas instalacións, para o que aportamos fotografías que acreditan esas deficiencias que poderían ser motivo de suspensión de partidos de fútbol nese campo.

Polo exposto, o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, presenta ó Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1.- Pintado e acondicionamento, urxente, do terreo de xogo do campo de fútbol de Extramundi.

2.- Reparación de porterías, vallas e outros elementos do recinto deportivo.

3.- Mellora, acondicionamento e mantemento dos vestuarios...>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Forján Seoane. Explica que personado no lugar veu que era certo que as liñas azuis practicamente non existen, unha portería desmóntase tan só con tocala, en parte da valla están sen poñer os traveseiros que faltaban e en canto aos vestuarios xa no pleno anterior o voceiro de AxP fixo un detallado estado dos vestuarios e son conscientes de que esa construción ten un problema de auga desde o seu nacemento pero iso non impide que periodicamente se lle fagan tarefas de mantemento. Que a moción a presentaron o 19 de xaneiro e xa pasou un mes e gustaríalle saber se arranxaron as deficiencias e o campo está en condicións de practicar

deporte porque cree que nos 5 anos deste goberno á herba dese campo nunca se lle tocou.

Sr. Sanmarco Santos. Di que si se fixo o mantemento: déuselle unha man de pintura ao campo xusto despois do pleno anterior e non se lle puido dar á outra man polo mal tempo que está; o tema das varandas está arranxado; e a portería, avisaron un martes, e ao luns seguinte estaba arranxada; no tema dos vestiarios estase arranxando todo pouco a pouco. Que tamén se está arranxando o campo de Pazos e, en principio, estanse facendo todas as obras que se solicitaron. Que no tema da grada solicitouse unha subvención para intentar impermeabilizala un pouco pero que xa será cara o verán.

Sr. González Pardal. Di que na comisión informativa e no pleno quedaron de pasar un orzamento detallado das obras que se fan a facer e a día de hoxe non o teñen.

Sra. Rey Pazos. Reitera que hai que planificar as cousas, saber cales son as deficiencias que teñen as instalacións e facer un plan de mantemento e cree que neste Concello non existe e vanse parcheando as cousas.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que lle chama a atención o dito polo señor Sanmarco Santos de que arranxan o problema no mesmo momento no que se produce e non é así porque este problema veu a raíz dunha moción que se presentou. Entende que debería de haber máis control sobre este tipo de instalacións onde os rapaces pequenos están practicando deporte, polo risco que supón que se poida producir un accidente nunha instalación deportiva e se vexan sorprendidos cun tema de responsabilidade subsidiaria. Que no multiusos de Extramundi hai unha persoa encargada e pouco traballo costa que esa persoa llo comunique ao concelleiro antes de que se presente unha proposta ao pleno, porque dá a sensación de que van a remolque do que se presenta. Que ao mellor non é así pero parece.

Sr. Sanmarco Santos. Aclara que en canto á portería, cando avisaron o martes, o mércores desmontouse e volveuse a soldar. Que en canto ao pintado do campo, xa estaban solicitados os orzamentos pero esperouse a que viñera o bo tempo. Que os temas graves arránxanse no momento.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que tamén hai un problema de salubridade nos vestiarios porque non reúnen as condicións hixiénicas para que rapaces de curta idade puideran ducharse e cambiarse despois de facer deporte. Que ese é un tema preocupante e a responsabilidade é do Concello.

Sr. Santaló Ríos. Recorda que asunto do campo de fútbol de Extramundi xa ten vido ao pleno en varias ocasións por defectos de nacemento e de construción. Que son cuestións que non se poden solventar todas de golpe, pero as cuestións de seguridade que teñan que vir a pleno, cree que iso si é responsabilidade do goberno polas consecuencias que poden ter.

Sr. Rodríguez Conde. Parte da base de que as instalacións deixan moito que desexar dende o seu inicio, pero ve que tamén hai unha falta de mantemento, sobre todo habendo un responsable que transmita esa falta de mantemento ao concelleiro. Pon o exemplo de que estivo alí xogando e hai oito saídas de ducha, pero só unha recollida duns dous ou tres centímetros e ao minuto de empezar a ducharse atascouse porque non daba abasto e observaron que o tubo tapouse e grazas a un compañeiro que o desatascou e iso é por falta de mantemento diario.


Sr. Sanmarco Santos. Pide ao señor Rodríguez Conde que non escache.

Sr. Rodríguez Conde. Di que está contando unha anécdota que lle pasou e que el non escacha senón que di a verdade.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor





# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Cinco (5), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

- 1.- Pintado e acondicionamento, urxente, do terreo de xogo do campo de fútbol de Extramundi.
- 2.- Reparación de porterías, vallas e outros elementos do recinto deportivo.
- 3.- Mellora, acondicionamento e mantemento dos vestiarios...

## **5.- MOCIÓN PRESENTADA POR AXP SOBRE AS VALLAS PUBLICITARIAS NO CAMPO DE O SOUTO.**

Polo señor González Pardal dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa C) de data 25 de xaneiro de 2016, que di:

<<Expón

-Que o campo de fútbol de O Souto (campo do Flavia) consta no inventario de propiedades do Concello de Padrón.

-Que esas instalacións son empregadas por unha entidade deportiva coa que, segundo o Concelleiro de Deportes Andrés Sanmarco, non existe ningún tipo de convenio de colaboración escrito no que se regulen e establezan as funcións de ambas partes nin o uso.

-Que nesas instalacións deportivas están ubicadas alo menos 10 vallas publicitarias nas que se poden ver anuncios e publicidade de diferentes entidades/empresas e/ou produtos.

-Que esas vallas pertencen a empresas privadas que cobran ás empresas anunciantes por ter expostos os seus anuncios e publicidade nunha instalación que non lles pertence.

-Que segundo informacións do Concello de Padrón, a administración local non está a percibir nin percibiu ningunha cantía económica por esa actividade que, en instalacións xestionadas polo concello, están a levar a cabo esas entidades privadas. Nin o concello ten ningún contrato nin acordo escrito coas empresas que colocan ahí as súas vallas para o seu posterior alquiler.

-Que o importe económico ao que pode ascender o alquiler dunha valla coma as instaladas no campo de O Souto multiplicado polas dez vallas existentes na actualidade supoñen unha cantía económica interesante que o concello está deixando de ingresar.

Considerando estes e outros aspectos a cerca da xestión municipal no tocante á colocación, uso e desaproveitamento económico desas vallas publicitarias Alternativa x Padrón propón estudar e debater este asunto no vindeiro pleno ordinario do día 28 de xaneiro, polo que presenta a seguinte

### MOCIÓN

-Que o Concello de Padrón explique ao pleno a situación relativa a esas vallas publicitarias e porqué non se regulou na lexislatura anterior.

-Que o Concello de Padrón regule a situación de uso e xestión coas entidades que dispoñen de vallas publicitarias nesa instalación deportiva a través dun convenio ou contrato escrito no que se establezan as obrigas e dereitos de ambas partes. E non deixe a expensas da entidade deportiva esta actuación que nada ten que ver coa actividade deportiva que lle compete.

-Que o Concello de Padrón teña a ben considerar a posibilidade de aproveitamento económico, sendo posible, pola instalación de produtos de entidades privadas nesa instalación.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Comenta que tal e como se di na moción é así. Que non atoparon ningún convenio por escrito no Concello. Que as vallas están cedidas de feito ao Flavia desde tempo inmemorial pero tamén despois o Flavia fai unha serie de cousas que tería que facer o Concello. Que con respecto a estas vallas do Flavia é igual con respecto ao resto dos campos. Que noutros concellos a publicidade ponse no momento do partido e retírase ao finalizar e aquí está de forma permanente. Que consultado coa secretaría xurídica non hai posibilidade de facer un convenio de regulación deste tipo e en todo caso o que habería é que retiralas e o mesmo con respecto á posibilidade de aproveitamento económico.

Sr. González Parda. Explica que noutras instalacións deportivas teñen coñecemento que as vallas as explotan directamente as entidades deportivas e neste caso teñen coñecemento que hai unha empresa que ten instaladas as vallas nun campo municipal e que está gañando uns cartos por esa instalación.

Sr. Alcalde. Di que a situación é a mesma: que a entidade cobre a todos os anunciantes ou que lle cobre a unha empresa que despois lle cobra aos anunciantes.

Sr. González Parda. Contesta que non porque aquí hai unha empresa gañando cartos a conta dunha instalación municipal. Que non sabe quen está cobrando eses cartos e si eses cartos se reinvirten na instalación municipal. Que pediron un orzamento á empresa que ten instaladas varias vallas alí e lles cobraba por un anuncio case 500 euros ao mes, que multiplicado por 10 vallas son 5.000 euros ao mes.

Sr. Alcalde. Di que non hai unha soa empresa senón que hai varias e diferentes tipos de vallas.

Sr. González Parda. Contesta que se está referindo a unha empresa que ten alí unha valla que se chama Porto Valla e lles deu ese orzamento. Que fagan o cálculo por dez anos e miren o que se están perdendo por parte do Concello. Que lle parece ben que unha entidade deportiva cobre eses cartos, pero o que pide é que se regularice esa situación. Que se podería facer un convenio de cesión de instalacións a unha entidade deportiva como pasa co campo de fútbol da Esclavitude ou do Sar. Que non é prexudicar a ninguén senón que é unha situación que se ven dando dende fai anos e hai que buscar unha forma de solucionaralo.

Sr. Pardo Andrade. Dille que non entende o de cesión.

Sr. González Parda. Explica que non sabe se por parte do Concello se pode ceder a unha entidade deportiva para que faga uso das instalacións e o mantemento entende que debe pertencer ao Concello.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que non hai ningunha cesión. Que o campo do Pazos é dos veciños de Pazos porque é Monte veciñal en man común e está cedido dos veciños ao Concello por trinta anos e igual pasa co do Sar e pasados os trinta anos volve revertir aos veciños. Que non son municipais.

Sr. Forján Seoane. Replica que non é así, que é titularidade do Concello.

Sr. González Parda. Di que o campo do Flavia está no Inventario de bens do Concello polo que a titularidade é municipal e o antigo campo de fútbol de Esclavitude tamén é de titularidade municipal. Pregunta á señora Secretaria se hai posibilidade de facer un convenio de cesión desas instalacións á entidade deportiva que esté no campo. Entende que hai que buscar unha forma xurídica de facelo porque hai unha empresa que está gañando cartos sen pagar ningunha taxa.

Sr. Alcalde. Píde á señora Secretaria que o explique.

Sra. Secretaria. Contesta que as instalacións deportivas si se poden ceder a entidades sen ánimo de lucro coa tramitación do expediente correspondente. Que o problema das vallas é diferente porque é a utilización do dominio público para a colocación de vallas e iso require un regulamento que regule o como e cando e



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

unha ordenanza fiscal que estableza unha taxa ou prezo público segundo corresponda. Que aparte está o tema de si se poden ou non se poden colocar as vallas porque a súa instalación require licenza ou ben comunicación previa e esa zona, en concreto, está afectada por Patrimonio e, adiantándose ao que pode ser o resultado, cree que aí nunca se poderían autorizar vallas.

Sr. González Pardal. Pregunta si se está ante unha ilegalidade.

Sra. Secretaria. Entende que si.

Sr. González Pardal. Pide que se solucione esa ilegalidade.

Sr. Alcalde. Di que se soluciona sacando as vallas, que si se aproba a moción habrá que coller a rebarbadora e sacar as vallas.

Sr. Forján Seoane. Pregunta que ocorre senón se aproba a moción. Entende que deberían facer o mesmo.

Sr. González Pardal. Di que o que lle preocupa é que as entidades deportivas non teñan un uso das instalacións, que se regule, e en canto ao tema das vallas lle preocupa que unha entidade privada esté gañando cartos sen pagar unha taxa. Entende que é igual que os aeroxeneradores que están no Monte de Meda que están pagando unha taxa ou un canon. Pregunta quen é o responsable se un domingo cae algunha desas vallas enriba de vinte ou trinta persoas, o Flavia ou o Concello.

Sra. Secretaria. Contesta, co permiso do señor Presidente, que entende que ambos.

Sr. González Pardal. Reitera que están dicindo que non hai ningún documento.

Sr. Alcalde. Puntualiza que non dixeron que non o haxa senón que non lles consta nas oficinas municipais e que llo pediron ao Flavia e tampouco o teñen.

Sr. González Pardal. Di que así llo contestaron por escrito pero dado que se está nunha ilegalidade desde hai moito tempo pregunta por que non se solucionan as cousas.

Sr. Pardo Andrade. Comenta que as vallas as puxo o Flavia e non o Concello.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que o documento de cesión das instalacións deportivas existe e está no arquivo municipal. Que hai un convenio de cesión por parte do Concello ao Flavia SD, e aínda pode dicir quen estaba de presidente da entidade deportiva. Que nun terreo de dominio público municipal instálanse unhas vallas que, supostamente, deberían contar con licenza municipal, e o goberno está dicindo que non consta e non a explota unha entidade deportiva senón unha empresa que está cobrando. Dille ao señor alcalde que na pasada campaña electoral nunha desas vallas colocou unha foto súa e con iso contribuíu a unha situación de ilegalidade pagando unha valla publicitaria en campaña electoral. Que non pagan taxa nin teñen licenza municipal e é un tema de legalizar pero senón se pode pois non se pode. Que non é un problema de non solicitar licenza e non pagar taxa senón que é un problema de responsabilidade subsidiaria por parte do Concello.

Sr. Alcalde. Contesta que entón terán que facer o mesmo co aparcamento de coches alí, si arde un coche por exemplo.

Sr. González Pardal. Di que non so alí senón nos outros aparcamentos tamén.

Sr. Alcalde. Aclara que fala dos terreos de titularidade municipal.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que na próxima campaña electoral colocarán vallas no Paseo do Espolón porque non pasa nada.

Sr. Santaló Ríos. Entende que se trata dunha situación de alegalidade e que é necesario regularizar, pero lle parece máis grave a opacidade na xestión deses fondos. Que o Concello debería saber cales son as cantidades que se están recaudando e o destino deses fondos que deberían ser patrimonio municipal.

Sr. Rodríguez Conde. Di que, analizando todo o dito ata aquí: o goberno di que non hai documentos, o señor Rodríguez Carbia di que si, a señora secretaria di que estamos nunha situación ilegal, pide que se tomen medidas xa e actúen.

Sra. Rey Pazos. Pensaba, ao principio, que se debería valorar si compensaba que o explotara directamente o Concello ou se compensaba que fora un terceiro, é dicir, valorar o que fai o Flavia e canto lle costa e se realmente lle compensa ao Concello pagarlle coas vallas ou non; pero agora ao dicir que é unha situación que non se pode manter considera que hai que legalizar a situación. Entende que a lei é complicada e non se adecúa a todas as circunstancias pero neste caso é unha ilegalidade e hai que regularizar a situación.

Sr. Forján Seoane. Di que a situación lles quedou clara a todos. Que o señor alcalde insinuou que os cartos que recibe o Flavia pola instalación das vallas que os investían en mantemento das instalacións, pero a herba cando hai que repoñela faino o Concello, o mantemento da herba o Concello, o tratamento da herba o Concello e cando hai problemas de fontanería o Concello. Que lle gustaría saber en que se basea o señor Alcalde ao dicir que se invisten en mantemento das instalacións e se as facturas que se emiten polas vallas son con IVE ou non.

Sr. Pardo Andrade. Pregunta quen corta a herba do Flavia, quen o pinta, de quen é o cortacéspedes. Que non é do Concello senón do Flavia, que algo fan.

Sr. Piñeiro Otero. Di que o pintado das liñas do campo non é un traballo de mantemento, que leva dez minutos.

Sr. Pardo Andrade. Replica que o terá que facer alguén.

Sr. González Pardal. Cree que este debate poderíase solucionar se houbera un convenio de uso das instalacións por parte do Concello coas entidades deportivas no que se diga de que se vai encargar cada parte. Que se fale con eles e se faga un convenio. Que o que se pide nesta moción é que se regularice a situación. Que non se trata de prexudicar a ninguén senón buscar unha forma de solucionar as cousas.

Sra. Rey Pazos. Quere que se lle diga se o que se vai votar é que se faga un convenio sobre as vallas, xa que tal como se explicou aquí non se pode facer porque é ilegal.

Sr. Alcalde. Lee a parte dispositiva da moción e pregunta se se refire ao campo do Flavia.

Sr. González Pardal. Explica que se está referindo ao campo do Flavia porque é o único do que ten constancia que hai unha empresa externa que xestiona as vallas publicitarias e está gañando cartos.

Sra. Rey Pazos. Di que a señora secretaria acaba de dicir que non se pode facer ningún tipo de contrato ou convenio con esas vallas porque non cumpren coa legalidade.

Sr. González Pardal. Insiste que o Concello terá que regularizar a situación, ben sexa sacando as vallas ou facendo o que teña que facer.

Sr. Alcalde. Entende que si se vota a favor diso se podería estar votando unha ilegalidade e si se vota en contra tamén. Que cada un vote a decisión que vexa conveniente.

Sr. Santaló Ríos. Di que a moción pide que se regule mediante contrato.

Sr. Alcalde. Pregunta quen vai asinar ese contrato.

Sr. Forján Seoane. Di que non o vai asinar ninguén porque se vai informar negativamente.

Sr. González Pardal. Di que vai retirar a moción e presentala como debe de ser.

Sr. Alcalde. Pregunta á señora secretaria si se pode retirar a moción despois de tela debatida.

Sra. Secretaria. Contesta que si, pero hai que votar a retirada do punto da orde do día.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Guillán Iglesias. Quería saber, por parte da señora secretaria, en que parte estarían incurrindo en ilegalidade ao votar esta moción, porque lle parece unha broma de mal gusto por parte dalgúns membros do goberno que, xa que se destapou aquí unha ilegalidade moi dura porque se están enriquecendo empresas externas do erario público, en vez de tratar de legalizar e poñer isto ao día o tomen como un pitorreo. Que o primeiro que tiña que facer o concelleiro de deportes era destapar esta ilegalidade, porque unha empresa se está enriquecendo de algo que é de todos os padroneses e que tiña que ter xa denunciado. Insiste que explique a señora secretaria cal é a modificación que ten que facer o señor González Pardal na moción para que sexa correcta.

Sr. Alcalde. Dalle a palabra á señora secretaria.

Sra. Secretaria. Explica que a moción, tal e como está presentada, non é unha ilegalidade porque senón xa o tivera dito ao principio. Que deduce do texto da moción, intentando ser favorable a que os acordos se leven a cabo, que o que se pretende é que se regularice a situación cun convenio ou contrato. Que despois haberá que analizar si é posible un convenio, un contrato ou se non é posible ningunha das dúas cousas. Que isa é a interpretación que sacou da moción, con independencia de que a proposta máis prudente sexa a de retirala. Que non quere dicir que sexa completamente ilegal. Engade que a ilegalidade non depende de que alguén esté cobrando do erario público porque desde o Concello non se sabe quen está cobrando nin que, porque unha cousa é que as vallas podan estar colocadas, outra cousa é que se poida facer unha cesión de uso das instalacións e outra cousa é que alguén cobre por algo, que son cousas diferentes.

Sr. Piñeiro Otero. Replica que si se sabe porque o señor Alcalde contratou unha valla.

Sr. Alcalde. Contesta que o Alcalde non, o Partido Popular e que con respecto á pregunta de se as facturas levan IVE contesta que as facturas sempre levan IVE se son facturas senón non serían facturas.

Sr. González Pardal. Volve dicir que, por prudencia, o debate está enriba da mesa e volverá a traela no próximo pleno. Que retira a moción.

Sra. Rey Pazos. Entende que non é necesario que o concelleiro traia unha nova moción, senón que o Concello agora sabe que hai unha situación de ilegalidade e supón que porá todos os seus medios para solventala.

Sr. Alcalde. Resposta que o Concello e no goberno do 2007 ao 2011, no 2011 ao 2015 e no que vai do 2015 a situación é a mesma.

Sr. González Pardal. Contesta que o seu grupo é a primeira vez que está nun órgano de goberno e denuncian unha situación que creen que é denunciabile.

Sra. Rey Pazos. Dille ao señor Alcalde que o feito de que unha situación ilegal perdure no tempo non a fai legal. Que si a secretaria di que é ilegal non hai máis que falar.

Sr. Alcalde. Contesta que xa o sabe. Que é decisión do concelleiro traela ou non traela.

Non habendo máis intervencións, o señor Presidente somete a votación a proposta, formulada ao abeiro do previsto no artigo 92 do ROF, de retirar da orde do día a moción do grupo político municipal de AxP de data 20 de xaneiro do 2016, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Cinco (5), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda, por maioría, a retirada do asunto da orde do día.

## **6.- MOCIÓN PRESENTADA POR AXP SOBRE CAMPO DE TRABAJO INTERNACIONAL "PADRÓN NO CAMIÑO".**

Polo señor González Pardal dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa C) de data 25 de xaneiro de 2016, que di:

<<Expón

-Que segundo revisión do expediente do Campo de Traballo Internacional (en diante CTI) "Padrón no camiño" desenvolvido en xullo de 2015 foi o Concello de Padrón a través da súa Concellería de Cultura quen fixo a proposta da iniciativa directamente á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (en diante DXXV) para ser esta actividade incorporada ao programa Acción de verán 2015 da DXXV.

-Que a DXXV resolveu a petición favorable concedendo a cuantía íntegra solicitada e responsabilizando da execución do CTI ao Concello de Padrón.

-Que na memoria inicial presentada polo concello de Padrón á DXXV consta que o persoal que execute as accións do CTI deberá ter unhas titulacións mínimas esixidas que se describen no texto redactado e presentado polo Consello de Padrón.

-Que nesa memoria se fai referencia aos obxectivos principais que se pretenden acadar e as accións coas que se pretenden conseguir eses obxectivos, entre elas: 1.- Creación de puntos itinerantes de atención ao peregrino ao seu paso pola nosa vila, 2.- Apoio ao servizo de turismo municipal elaborando, entre outros, textos de promoción turística nos idiomas dos participantes do campo, 3.- Creación de actividades culturais vinculadas ao camiño de Santiago adicadas aos peregrinos que cheguen á vila, 4.- Labores de limpeza do propio camiño incluído o tramo do río Sar, recoñecemento dos erros co camiño, revisión da sinalización, 5.- Especial interese en poñer en alza a Pedronía a través, entre outros, da súa sinalización na medida do posible, etc.

-Que os usuarios, tendo a súa base no CEIP Rosalía de Castro, empregarian as instalacións de cociña e comedor nos horarios de almozos, comidas e ceas. Sen embargo e ao mesmo tempo nesa memoria dise que "a *manutención se fará a través dunha empresa de catering que levará a diario as comidas*".

-Que no punto 10.- da memoria inicial fálase da avaliación do CTI e das súas actividades e actuacións e dise que "a *avaliación será constante...*", "a *avaliación farase día a día...*", "terase moi presente a *opinión dos participantes destinatarios do proxecto, eles tamén formarán parte da avaliación*", etc.

-Que na memoria final de xustificación entregada pola entidade que levou a cabo a execución do CTI, só aparecen descritas actividades de ocio e tempo libre pero non menciona nin aparece ningunha foto relativa ás actividades que constitúen realmente o CTI.

-Que as únicas reseñas que atopamos na prensa relativas ao CTI fan referencias ás visitas e actos institucionais (visita da Directora Xeral de Xuventude e Voluntariado, recepción por parte do alcalde no solón de plenos, etc) e visitas culturais dos participantes enmarcadas na parte de ocio e animación (visita á Casa de Rosalía de Castro, á Fundación Camilo José Cela, etc).

-Que das 20 prazas ofertadas só foron cubertas 11 e os participantes foron das localidades que se relaciona de seguido: País Vasco (2), Galicia (2), Canarias (1), Aragón (2), Comunidade Valenciana (1), Corea del Sur (2) e Rusia (1).

-Que o Concello de Padrón xustifica a realización do CTI fronte á DXXV coa documentación e factura que lle entregue a entidade adxudicataria pero como promotor pode solicitar ao adxudicatario toda a documentación que considere precisa para o correcto seguimento das actuacións propostas e así consideramos que se debería ter feito para asegurar a calidade e profesionalidade do traballo.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

-Que un CTI ademais de promocionar e posicionar internacionalmente á localidade que o desenvolve, contribúa a xerar riqueza local en diferentes sectores por exemplo pequeno comercio e hostalería.

-Que cando solicitamos a factura de pago do CTI (que ascende a 10.769 € IVE incluído) se nos informou dende o concello que esa factura tivera que ser devolta á empresa adjudicataria porque se recibira un escrito da DXXV dicindo que o pago se faría directamente da Xunta de Galicia á empresa Pekexogo Animación e Ocio, S.L.

Considerando estes e outros aspectos do Campo de Traballo Internacional, Alternativa x Padrón propón estudar e debater este asunto no vindeiro pleno ordinario, polo que presenta a seguinte

## MOCIÓN

-Que o Concello de Padrón nos informe de si cando se presentou a proposta á DXXV, o orzamento presentado foi orientativo e/ou estipulado pola/a técnica/o que redactou a memoria ou xa se tivera solicitado orzamento previamente a algunha/s entidade/s para ter idea real do custe que podría supoñer.

-Que o Concello de Padrón nos informe de si unha vez recibida a resolución favorable por parte da DXXV, se solicita memoria de execución do proxecto e orzamento a varias entidades ou se opta por adjudicar o CTI directamente sen ter en conta outras propostas que puidesen ser competitivas no eido económico, no profesional ou noutros.

-Que o Concello de Padrón nos informe de si, no caso de terse adjudicado directamente, por que se adjudicou a unha entidade que, de antemán, se adica a accións de ocio e animación principalmente e non se consultou a algunha outra que poida estar máis centrada en aspectos educativos e/ou culturais no eido do tempo libre. Podemos contar ou non con ese tipo de empresa en Padrón pero si tivese que ser de fora polo que puidese aportar ao CTI igual habería que darlle prioridade en beneficio do que o CTI nos pode aportar.

-Que o Concello de Padrón nos informe de si o equipo de persoal contaba coas titulacións mínimas que o concello mencionaba na súa memoria inicial (ver memoria) e que están esixidas ademais polo Decreto 50/2000 e a súa modificación 58/2012. En caso afirmativo, gustaríanos que o concello nos amosase e se quedase cunha copia deses títulos. Antetodo hai que garantir o desenvolvemento do programa e a profesionalización do persoal que a desenvolve.

-Que o Concello de Padrón nos informe de si ademais de actividade de ocio e animación (que son as únicas que aparecen na memoria xustificativa que recibimos) se chegaron a facer as actividades mencionadas anteriormente e que son as que realmente conforman e dan sentido ao CTI. Hai fotografías dos usuarios desenvolvendo esas labores de limpeza? Revisouse a sinalización do camiño? Fixéronse os textos en varios idiomas? Onde están? Leváronse a cabo actividades culturais cos peregrinos que pasaron pola vila neses días? Mellorouse a sinalización da Pedronía?.

-Que o Concello de Padrón nos informe e nos amose si existen imaxes, noticias de prensa, novas en redes sociais ou algo que xustifique a realización das actividades obxecto do CTI. Existiu realmente unha boa comunicación social deste campo de traballo por parte do Concello si o comparamos co custe que tivo e co que podería realmente aportar á vila de Padrón co seu carácter internacional?.

-Que o Concello de Padrón nos informe de si, cubrindo finalmente 11 das 20 prazas ofertadas, non se puido ter considerado algunha das posibilidades seguintes:

1.- Abrir as 8 prazas restantes a mozas e mozos da nosa vila e/ou comarca e facelos participen dunha actuación realizada por primeira vez en Padrón.

2.- Reducir o orzamento á entidade adjudicataria en proporción ou ben, considerar a realización doutra actividade polo importe restante noutra época.

-Que o Concello de Padrón solicite un desglose de gastos xerais do desenvolvemento do CTI á entidade

adxudicataria e nos informe, por exemplo, de si se contou cunha empresa de catering para as manutencións. E de ser así, custa realmente 3.274 € (valor memoria inicial) manter 10 días a 11 persoas?.

-Que o Concello de Padrón nos indique porque xa inicialmente non se considerou a posibilidade de colaboración coa hostalería local para as manutencións o que contribuiría a divulgar a nosa gastronomía, xerar riqueza a nivel local, involucrar aos participantes de fóra na nosa cultura e a relacionalos coa cidadanía padronesa ademais de dinamizar a vila nos días da súa estancia.

-Que o Concello de Padrón teña a ben:

\*Explicar detalladamente os pasos de solicitude, adxudicación, execución e finalización do CTI ademais das diferentes cuestións que nos puntos anteriores lle imos solicitando.

\*Solicitar á empresa Pekexogo Animación e Ocio, S.L., o desglose completo dos gastos coa documentación relativa aos mesmos (contratos, seguros, factura de manutencións, materiais, titulacións do persoal de monitorado, etc.).

\*Explicar CAL FOI A FUNCIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN NESTE CTI SE SÓ NOS REMITIMOS A SOLICITAR UNHA ACTIVIDADE E ADXUDICARLLA DIRECTAMENTE A UNHA EMPRESA. SOMOS INTERMEDIARIOS POR ALGÚN MOTIVO?.>>


Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. González Pardal. Explica que a moción ven referida ao Campo de traballo que se fixo no 2015 por parte do Concello de Padrón.

Sr. Alcalde. Explica en canto á primeira cuestión que o Concello de Padrón barallaba no ano 2015 a posibilidade de realizar un campo de traballo ben arqueolóxico, concretamente no xacemento da Rocha Branca no que xa se interviria nunha acción anterior de limpeza e posta en valor, ou ben centrado no Camiño de Santiago. Dado que non se reunían as características necesarias para realizar un campo de traballo arqueolóxico, debido á titularidade dos terreos, optouse polo campo destinado á promoción do Camiño de Santiago, como forma tamén de promocionar o camiño histórico de Santiago a Padrón e de aí que se solicitase á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia. Que para iso confeccionouse un dossier no que se recollen os obxectivos perseguidos coa dita actividade, a metodoloxía para evala a cabo, localización, datas, perfil de participantes, equipo da actividade, aloxamento e manutención, programación e orzamento. Que este dossier completo e orzamentado foi realizado pola empresa da que teñen conta no expediente e dende o Concello o que se lle indicou á entidade foron as ideas e os obxectivos polos que se quería levar a cabo a actividade coa finalidade de que foran tidas en conta e se viran reflectidas na elaboración de dito dossier ou proxecto. Unha vez que a entidade elaborou o mesmo e o Concello considerou que reunía as ideas e actividades que cumprisen coa finalidade pola que se decidiu realizar o campo de traballo, o documento remitiuse á Dirección Xeral de Xuventude para o seu exame e posterior valoración e unha vez que a Dirección Xeral tomou unha decisión comunicou á concelleira, neste caso Carmen Lois que era a que levaba a área, a súa admisión para a realización do campo de traballo, que ademais pasou a publicar no seu portal xunto cos demais campos de traballo a realizar en Galicia.

Que con respecto á segunda e terceira cuestión, o Concello de Padrón decidiu escoller á única empresa da localidade da que tiña constancia demostrable da súa experiencia na realización de campos de traballo internacionais en diversos concellos de Galicia e durante varios anos consecutivos. Que as boas referencias obtidas sobre os resultados satisfactorios na execución doutros campos de traballo similares e a experiencia demostrable na execución deste tipo de proxectos fixeron que o Concello confiase na entidade e na súa capacidade para realizar a actividade con garantías, dado que era a primeira vez que se realizaba no Municipio. Que no Concello hai outras entidades que se dedican a diversos aspectos no eido do tempo libre, no obstante, o eido do tempo libre é moi amplo e non lles consta que outras tiveran realizado algunha vez un campo de traballo destas características.





# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Que en resposta á cuarta cuestión, os datos que se solicitan están protexidos pola Lei de protección de datos, estando os mesmos en poder da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia que foi a entidade promotora e no caso de querer solicitalos deberán dirixirse a esa Dirección Xeral de Xuventude.

Que en canto á quinta cuestión, as actividades do campo de traballo si se reflicten na memoria final entregada pola empresa, indicando que o grupo dividiuse en tres bloques, dos cales foron rotando para facer diferentes actividades: limpeza e rehabilitacións dos totems que marcan o itinerario da Pedronía do camiño que vai dende Compostela a Padrón, apoio ao punto de información turística municipal, tradución dos textos de promoción turística do Concello aos idiomas dos participantes do campo, apoio á hora de dar información aos peregrinos e todas aquelas funcións e actividades que sexan de utilidade para o punto de información. En canto aos textos traducidos están en posesión do Servizo de Turismo e na memoria final pódense ver fotografías relativas á tradución dos textos, á limpeza do camiño e á rehabilitación da sinalética.

Da sexta cuestión, dí que, ademais das fotografías que se poden ver na memoria final que aportou a empresa adxudicataria ás diferentes actividades que se foron realizando duante a actividade, foron publicadas nas redes sociais do Concello de Padrón e así tamén os medios de comunicación se fixeron eco da realización do campo de traballo.

En relación á sétima cuestión contesta que, en canto á primeira opción, a inscrición da actividade xestionouna directamente a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, non o Concello de Padrón, e eles mesmos reservaron o límite de prazas para mozos e mozas desta Comunidade Autónoma, e outro mínimo de prazas para outras comunidades autónomas e outro mínimo para mozos e mozas estranxeiras. Que os participantes deberían inscribirse previo pago das taxas de participación. O concello de Padrón non interfere nin debe interferir neste proceso. Non obstante, coa finalidade de que a cidadanía tivese coñecemento da actividade anunciou a existencia do campo para que toda persoa interesada puidese inscribirse e puxo dous técnicos, xuventude e turismo, por ser as dúas áreas implicadas na temática da iniciativa, a disposición do público interesado para explicarlles a forma de contactar coa Dirección Xeral e os trámites a seguir.

En relación á oitava cuestións resposta que, na documentación que se lles entregou en varias ocasións xa se proporcionou unha copia da factura que a empresa adxudicataria entregou por rexistro ante a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado co desglose da mesma e, no outro caso, non serían once persoas porque o persoal que participa na actividade tamén se lle dá esa manutención, que neste caso son cinco persoas máis entre monitores e persoal en prácticas. Que de todas formas se contabilizan dez días de actividade para vinte participantes con almorzo, comida e cea e divídese o orzamento dá un total de 16,37 euros por persoa.

Por último en canto á cuestión nove, di que o Concello de Padrón sempre ten en conta nas súas actividades o tecido económico e social local, sendo maioritariamente as empresas locais ou da contorna que executan actividades e prestan servizos. Que de igual xeito o Concello pide ás empresas adxudicatarias que na medida do posible todas as actividades repercutan positivamente na actividade económica e social do Municipio e da súa contorna. Que os participantes foron introducidos na nosa cultura, costumes e gastronomía e neste último caso, incluso se desprazaron ata Herbón, onde puideron coñecer de primeira man o proceso do cultivo, recollida e cociña do pemento de Herbón.

Sr. González Pardal. Comenta que non coincide para nada co que se lles explicou na comisión informativa. Que eles pediron con anterioridade copia dos expedientes e se lles entregou a memoria da actividade por parte da empresa e para nada se corresponde coa memoria inicial. Deduce que o Concello ten a idea de facer un campo de traballo e busca unha empresa.

Sr. Alcalde. Contesta que non. Que o Concello ten a idea de facer un campo de traballo e busca o apoio da Consellería e a Consellería se encarga directamente de todo do campo de traballo. Que, por un erro, presentouse no Concello a factura e foi devolta para que se presentara na Consellería.

Sr. González Pardal. Di que entón a Consellería publicita o campo de traballo e esa empresa se presenta. Que daban por feito que a Consellería se ía encargar de todo.

Sr. Alcalde. Contesta que si.

Sr. González Pardal. Di que falaron coa señora interventora e pregunta porque ela fixo unha retención de crédito dos 10.769 € que costaba o campo de traballo.

Sr. Alcalde. Contesta que foi porque pensaron que se ía facer directamente polo Concello, pero ao final se conseguiu que se fixera todo por parte da Consellería.

Sr. González Pardal. Di que entón a Consellería saca este campo de traballo e esa empresa preséntase; que non lle cadra co que dixo o señor Alcalde de que se puxo en contacto cunha empresa en Padrón que era a que tiña máis experiencia en facer campos de traballo.

Sr. Alcalde. Contesta que supón que se recomendou a esta empresa porque tiña experiencia en campos de traballo, pero ao final quen contrata e decide é a Consellería.

Sr. González Pardal. Dille que non corresponde o que dixo co que está decindo agora. Que a eles tamén lles consta outra empresa que ten experiencia nos campos de traballo e ninguén se puxo en contacto con ela e pregunta por que.

Sr. Alcalde. Contesta que non o sabe.

Sr. González Pardal. Pregunta senón hai criterio á hora de seleccionar unha empresa ou outra.

Sr. Alcalde. Di que pode supoñer a empresa que lle di o señor González Pardal, que supón que será Arenaria.

Sr. González Pardal. Contesta que non, que fala doutra e non ten autorización para dar o nome. Que a explicación que lle deu o señor Alcalde non é convincente. Insiste que o campo de traballo é unha ferramenta que pode posicionar Padrón a nivel internacional e parece mentira que se gasten 10.769 € e non se lle dé a publicidade correspondente e que só fora cuberta por 11 prazas das 20. Que non entende como nesas oito prazas restantes non se podía coller xente de Padrón. Que hai listas de espera para entrar nos campos internacionais da Xunta.

Sr. Alcalde. Contesta que non sabe porque este non se cubriu.

Sr. González Pardal. Di que entón hai unha mala xestión, non sabe se por parte da Dirección Xeral, do Concello ou da empresa. Volve dicir que as informacións que se lles deu foron que a memoria inicial a fixo o técnico municipal e que se presentou na Dirección Xeral e iso non concorda co que se está dicindo agora.

Sr. Alcalde. Resposta que si concorda.

Sr. González Pardal. Insiste en que non. Que o señor Alcalde dixo agora que a memoria inicial a fixo a empresa non o técnico municipal.

Sr. Alcalde. Aclara que non dixo iso, senón que a memoria presentada na Dirección Xeral a fixo o técnico de turismo e que a empresa fixo a memoria final para xustificar. Que se quere o lee outra vez todo pero que prefere darllo por escrito.

Sr. González Pardal. Di que si quere que llo dea por escrito e insiste que non lle queda claro e non lle convence o que está a dicir o señor Alcalde.

Sr. Alcalde. Di que a moción trata de explicar detalladamente e se lles explicou cada punto e cree que foron explicacións máis que suficientes estén ou non estén de acordo.

Sr. González Pardal. Di que de entre toda a documentación que se lles entregou a eles non se lles enviou



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ningunha solicitude á Consellería, polo que entende que é verbal como todo o que se fai no Concello.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que lle preocupa que moitas veces están a gastar fondos públicos con escasa rendabilidade. Que están de pasada sobre estes temas porque como ven da Xunta, da Deputación ou do Estado, pero a fin de contas non deixan de ser fondos públicos que son bens escasos nun momento de crise económica e aos que hai que buscarlle a maior rendabilidade posible. Que dubida que se cumpriran mínimamente os obxectivos do campo de traballo que aparecen recollidos na moción, porque no primeiro apartado si lle consta que no Paseo do Espolón se establecera un punto de atención ao peregrino, pero en canto ao punto número dous gustaríalle saber que tipo de textos foron os que se elaboraron e se teñen algo que ver cos que se elaboraron cando el ocupaba a área de cultura do Concello, porque cree que son os mesmos e o único que cambiou foi o formato e se engadiu un idioma a maiores.

Sr. Alcalde. Di que non o sabe, pero que o técnico de turismo é o mesmo.

Sr. Rodríguez Carbia. Gustaríalle que se lle facilitara, por parte do goberno, eses textos que supostamente se elaboraron no campo de traballo internacional en diferentes idiomas. Que no punto número tres, descoñece totalmente que tipo de actividades se realizaron e solicita tamén do equipo de goberno se lle facilite detalladamente os tipos de actividades e os días que se realizaron. Que no punto catro, en canto á sinalización, non se realizou nada porque está nun estado de deterioro e abandono con algúns pivotes desaparecidos e, en canto ás labores de limpeza, basta con ir á rúa Bordel para darse de conta que non existen e na zona rural igual. Pregunta que tipo de promoción do Camiño se está a facer. Que non é un problema puntual de fai dous meses senón que é un problema de fai cinco anos e non se fixo nada, desatención total do tema do Camiño, o único que se fixo foi postureo e con iso non se solucionaron os problemas e non se puxo en proxección unha riqueza turística e cultural importante como é a reclamación de Padrón como berce do Camiño Xacobeo. Que en canto ao punto número cinco, di que o que quixeron dende o primeiro momento foi que a Pedronía desaparecera pregándose á famosa ruta fluvial xacobeá Mar de Arousa - río Ulla cun diploma porque se tiña feito no mandato no que o seu grupo estivo ao fronte da concellería de cultura. Lembra que había uha exposición itinerante para poñer en alza o valor da Pedronía e as características importantes de Padrón como berce do Xacobeo que estaba durmindo nunha caixa na piscina municipal e agora non sabe onde está e nunca máis volveu circular. Que hai temas de interese xeral nos que teñen que camiñar todos no mesmo barco e hai que complementar o que se fixo co que se vai facer, sempre para mellorar pero nunca intentar botar terra sobre o que está feito, porque o único prexudicado vai a ser a cultura de Padrón. Preocúpalle o tema da substitución do motivo do campo de traballo internacional da excavación da Rocha Branca polo do camiño porque non sabería discernir cal é o que ten maior importancia. Que dez mil e pico de euros ben investidos dan para moito pero da maneira que se investiron foi tirar o diñeiro público. Volve ao tema da Rocha Branca e di que os permisos de excavación estaban no Concello porque os deixou el cando marchou do goberno, pero dalgunha maneira hai que seguir desenterrando esa historia que hai nese xacemento e ten que partir dun compromiso do Concello coa defensa do seu patrimonio. Que o próximo campo de traballo internacional tense que centrar tamén no xacemento arqueolóxico da Rocha Branca.

Sr. Santaló Ríos. Cree que esta situación ven derivada da improvisación. Que o Concello fixo unha boa actuación co castelo da Rocha Branca, co desbroce, a posta en valor, a colaboración cos colexios e empezar a dar a coñecer un xacemento que ten un potencial extraordinario, do mesmo calibre que o castelo da Rocha Forte en Santiago, pero a partir de aí empezaron a improvisar e o resultado foi esta chapuza. Que dez mil e pico de euros para o resultado que tiveron é mínimo e insignificante. Pregunta se a contratación a fixo directamente a Consellería.

Sr. Alcalde. Contesta que si.

Sr. Santaló Ríos. Pregunta se o Concello fixo algunha recomendación á Consellería para que se contratara esa empresa.

Sr. Alcalde. Fala por palabras da anterior concelleira e di que a Consellería pregunta por empresas das que se teña coñecemento e aquí en Padrón só tiñan coñecemento desa empresa, de feito cando o comentou

